



## **BASES IV PREMIO XOSÉ M<sup>a</sup> DÍAZ CASTRO DE POESÍA**

1. O Concello de Guitiriz , para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega , convoca o IV PREMIO XOSÉ M<sup>a</sup> DÍAZ CASTRO DE POESÍA.
2. Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente da Real Academia Galega.
3. Os Poemarios aspirantes ao premio será de tema e formas libres, cunha extensión mínima de 500 versos. Deberán ser orixinais e estar e estar inéditos na súa totalidade , condición que se estende ao soporte dixital.
4. Os e as participantes deberán enviar 4 exemplares da obra , mecanografados, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:

### **IV PREMIO XOSÉ M<sup>a</sup> DÍAZ CASTRO DE POESÍA**

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello, 4. 27.300 Guitiriz

5. As obras concursantes deberán ostentar un título e un lema, que tamén figurará no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono , enderezo postal e correo electrónico, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada .
6. O prazo de presentación das obras remata o 31 de decembro do 2018.
7. A dotación do premio , único e indivisible , que será de 2000€ , estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión . Se o Xurado o considera oportuno , o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accesits ao Premio que en ningún caso comportarán dotación económica, pero que serán recomendados á editora para a súa posible publicación.
8. O xurado designado polo concello de Guitiriz estará formado por tres persoas vinculadas á poesía e /ou á crítica literaria galegas. Actuará como secretario/a , con voz e sen voto , un membro da corporación.



Os membros do xurado percibirán as indemnizacións por razón de servizo segundo o estipulado no Real Decreto 462/2002 , de 24 de maio , e no relativo ao importe das asistencias á reunión de órganos colexiados serán as correspondentes á categoría primeira segundo o estipulado no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio e disposición adicional primeira do RD 228/2014.

9. O veredicto, que será dado a coñecer directamente ao gañador e gañadora e a través dos medios de comunicación , terá lugar nun acto público coincidindo co natalicio de Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro , arredor do 19 de febreiro de 2019. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras e autores nas dependencias do Concello de Guitiriz no prazo dun mes a contar a partir da data na que o Xurado faga pública a súa decisión. Transcorrido este prazo, os orixinais serán destruídos.

10. O premio inclúe , ademais , a publicación da obra gañadora por Edicións Espiral Maior. O Concello de Guitiriz resérvase durante un ano os dereitos de publicacións da obra premiada en todas as linguas do Estado . Nese sentido , o/a autor ou autora renuncia a favor do Concello, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autor /a. De existir posteriores edicións deberase facer constar a obra recibiu o IV PREMIO XOSÉ M<sup>a</sup> DÍAZ CASTRO DE POESÍA.

11. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases e a interpretación que delas faga o xurado, non admitíndose recurso contra a decisión que esta nas súas funcións adopte .



**CONCELLO DE GUITIRIZ**  
**Rúa do Concello, 4**  
**27.300 GUITIRIZ – LUGO**  
**TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178**

---